

INFORMACIÓN AOS MEDIOS**AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MARTES, 18 DE AGOSTO DE 2026****PRESIDENCIA****DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO****ALFOZ (Lugo)**

10,00 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, realizará unha visita institucional ao Concello.

O VALADOURO (Lugo)

11,00 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitará a reforma que se está executando na praza de Santa María.

RIBADEO (Lugo)

12,00 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitará a exposición fotográfica con motivo do centenario do nacemento de D. Leopoldo Calvo-Sotelo Bustelo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE**BAÑOS DE MOLGAS (Ourense)**

11,00 h.- O delegado da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, visitará as instalacións do Polo de emprendemento e apoio ao emprego.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**OURENSE**

10,30 h.- A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Paula Uría, asistirá ao acto de inicio das obras impulsadas pola Xunta e o Concello para habilitar un refuxio climático na cidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

SAN CAETANO

11,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, presentará en **rolda de prensa** o proxecto de ampliación do Colexio Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios.

A ESTRADA (Pontevedra)

12,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, visitará as instalacións do centro loxístico do seu departamento, desde o que se envía material de equipamento para os centros educativos.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

A CORUÑA

12,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, acompañado pola xerente do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, Sol Vázquez, visitará xunto cunha delegación de Serbia o Laboratorio de Consumo de Galicia no marco dun proxecto europeo de cooperación institucional liderado pola Fundación para a Internacionalización das Administracións Públicas (FIAP).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

BEGONTE (Lugo)

12,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, visitará o local social de Carral, no que se realizaron obras de acondicionamento e ampliación ao abeiro dun convenio entre a Consellería e o Concello.

VIMIANZO (A Coruña)

11,00 h.- O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, visitará as instalacións de Productos Cárnicos Domínguez.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

O VICEDO (Lugo)

10,00 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles Vázquez, visitará o criadeiro de bivalvos.

RIBADEO (Lugo)

12,30 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles Vázquez, reunirase co patrón maior da Confraría de Pescadores de Ribadeo, Javier Martínez Otero.